

2.1. O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Fernando Trujillo Sáez
Universidade de Granada

En educación hai propostas que aparecen e reaparecen ao longo do tempo. Este fenómeno é propio das Ciencias Sociais e pode ocorrer por distintas razóns: pode ser que nun primeiro momento non logren asentarse ou ben que sexan recuperadas por cambios nas circunstancias sociais ou educativas. Así mesmo, pode ocorrer que unha proposta deste tipo se presente en primeiro lugar para un ámbito reducido e que logo este se amplíe ou, tamén, que esta proposta se ofrezca cunha utilidade determinada e se lle recoñeza posteriormente un potencial maior.

O Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) é unha destas propostas. Polo menos desde principios dos noventa (García e Torralba 1996) véñse propondo, desde distintos ámbitos e con distintas funcións, como unha ferramenta útil para o ensino de linguas en contextos de educación formal: así, xustificouse a súa utilización en comunidades bilingües, para o ensino de segundas linguas ou para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística trala aparición das “competencias básicas” na Lei Orgánica de Educación de maio de 2006.

Precisamente, a Lei Orgánica de Educación abre a porta ao deseño dun Proxecto Lingüístico de Centro cando, no seu artigo 120.2, establece que:

Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.

Posteriormente, o artigo 121.1, desenvolve o contido do Proxecto Educativo de Centro:

O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación.

Así pois, o Proxecto Educativo de Centro é unha mostra da autonomía dos centros así como un espazo para a expresión de “prioridades de actuación”.

Neste sentido, o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística é unha preocupación compartida por todos os centros educativos en calquera etapa e nivel. A competencia en comunicación

lingüística é fundamental para o crecemento persoal e social do individuo, é unha peza clave na aprendizaxe de calquera materia e a porta de entrada ao coñecemento e a información. Custa pensar nunha situación educativa na que a lingua, oral ou escrita, non sexa un eixo instrumental de primeira necesidade.

Así pois e dentro deste marco normativo, calquera centro que teña como preocupación o ensino e aprendizaxe de linguas e que desenvolva un programa de educación lingüística (ensino de contidos a través das linguas estranxeiras, promoción da lectura, ensino dunha L2 ou da lingua de signos, etc.) debe representar esta actividade de innovación educativa no seu proxecto educativo de centro. A concreción que se realice no Proxecto Educativo de Centro de todas aquelas medidas destinadas á promoción, ensino ou visibilización das linguas denomínase Proxecto Lingüístico de Centro.

Noutros textos (Ruiz Bikandi 1997: 9-24; Serra e Vila 2000: 31-41) recóllense posibles guións e elementos para a elaboración dun proxecto lingüístico de centro. Pola nosa banda, cremos que o PLC debe recoller as decisións que adopte o centro para a educación lingüística do alumnado, incluíndo:

a/ decisións macro (distribución de linguas na escola e o currículo, decisións sobre as linguas maternas dos estudantes e sobre as linguas ambientais, decisións respecto da avaliación da competencia en comunicación lingüística do alumnado e decisións metodolóxicas xerais respecto do ensino e aprendizaxe das linguas) e

b/ decisións micro (relacionadas basicamente coas decisións respecto do ensino das linguas de escolarización, as linguas estranxeiras e o discurso no resto das materias e áreas do currículo).


Para levar a cabo o seu labor, o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) pode centrarse en catro grandes actuacións. Por unha banda, o PLC pode estar relacionado cun proxecto de currículo integrado das linguas; doutra banda, o PLC pode ser o resultado da integración curricular entre as áreas lingüísticas e as áreas non-lingüísticas, tanto na lingua de escolarización como en linguas estranxeiras; en terceiro lugar, o PLC pode ser a resposta á diversidade lingüística presente nun centro tanto a través da presenza de alumnado que fale linguas diferentes ás linguas de escolarización como a través das distintas capacidades comunicativas presentes nos centros; para rematar, o PLC pode ser a proposta de mellora dun centro ante os resultados das probas de diagnóstico levadas a cabo en Educación Primaria ou Educación Secundaria. Cada unha destas catro actuacións atende a necesidades presentes xa nos centros e o PLC pode, deste xeito, contribuir a unha educación lingüística de calidade para todo o alumnado.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO E CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS


Xa mencionamos que o Proxecto Educativo de Centro debe conter “as liñas xerais de actuación pedagóxica e a coordinación e concreción dos contidos curriculares”. Nun centro onde as linguas sexan un elemento central do currículo —e cústanos imaxinar un centro onde este non sexa o caso—, o PEC e o PLC poden axudar a coordinar o ensino de linguas mediante a elaboración dun “currículo integrado das linguas”.

O currículo integrado das linguas é a resposta educativa á competencia plurilingüe (Cummins 1979; 1994). Se os e as usuarios das linguas as utilizan de xeito coordinado segundo cada situación comunicativa, a mellor estrutura educativa supón o ensino coordinado das linguas na escola. Para iso, o PLC pode recoller dentro do currículo das linguas os obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación das linguas presentes no currículo.

A base metodolóxica do currículo integrado das linguas son os principios expostos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (Consello de Europa 2001; Ministerio de Educación, Cultura e Deporte 2002). A educación lingüística hoxe supón presentar situacións comunicativas dentro das cales os estudantes han de resolver tarefas e problemas. No currículo integrado das linguas estas situacións e tarefas son compartidas por todas as linguas sobre a base do traballo ao redor de textos e xéneros discursivos en distintos niveis de competencia (véxase Consejería de Educación de la Junta de Andalucía 2008).



Isto supón un labor de coordinación entre as áreas lingüísticas que leve a formular un traballo coordinado ao redor de tarefas concretas. Así, por exemplo, poderíase traballar un tipo de discurso determinado, como o xornal, aínda que os distintos xéneros e textos dentro deste espazo discursivo se poden tratar desde distintos niveis de competencia, como se mostra no seguinte diagrama:



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO E INTEGRACIÓN DE LINGUAS E CONTIDOS

Ningunha materia, en ningunha etapa nin en ningún nivel, é allea ao uso da lingua para o ensino e aprendizaxe. A linguaxe permite a interacción e a construción do coñecemento na aula, ademais de ser un motor de organización do pensamento (Jorba, Gómez e Prat 2000). Por iso, pódese facer unha “lectura comunicativa do currículo” observando as situacións e tarefas comunicativas que as distintas materias propoñen ao alumnado.

Esta “lectura comunicativa” impón ao proceso de ensino unha necesaria conciencia lingüística que se vive de xeito diferente nas “áreas lingüísticas” e as “áreas non-lingüísticas”. As áreas lingüísticas teñen entre as súas metas o traballo cos textos académicos das áreas non-lingüísticas; as áreas non-lingüísticas son, á súa vez, poderosas ferramentas para o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, ampliando o acceso a distintos ámbitos e dominios do coñecemento (como así se establece nos Reais Decretos de Ensinanzas Mínimas 1513/2006 e 1631/2006 cando se expoñen as contribucións que as distintas materias e áreas de coñecemento realizan ao desenvolvemento das competencias básicas dos e das estudantes).

Ademais, o proceso de integración das linguas e os contidos non se limita ao ensino das linguas de escolarización (castelán, galego, catalán ou éuscaro) como lingua vehicular, senón tamén ao uso de linguas adicionais para o ensino de contidos curriculares. A experiencia dos Centros ou Seccións Bilingües avala o uso das linguas estranxeiras no currículo para o ensino das restantes áreas curriculares. Esta modalidade de ensino integrado permite tanto un maior desenvolvemento da competencia comunicativa na lingua estranxeira como uns mellores resultados na aprendizaxe dos contidos curriculares doutras materias.

A integración da aprendizaxe de linguas e contidos artículase desde unha dobre vía: as áreas lingüísticas e as áreas non-lingüísticas. Nas primeiras, o profesorado asume como material de traballo o discurso académico e os textos das restantes materias e áreas de coñecementos (como así se indica nos anteriormente mencionados Reais Decretos 1513/2006 e 1631/2006), tanto desde a perspectiva da produción-recepción de textos como para a reflexión metalingüística. Nas áreas non-lingüísticas é interesante tamén que o profesorado reflexione sobre o seu propio discurso (para o que a axuda do profesorado especialista en linguas pode ser especialmente útil) e, a partir de aí, propoña en clase tarefas e actividades para axudar a que o seu alumnado domine os recursos lingüísticos propios da súa materia ou área de coñecemento: o traballo co léxico especializado e as interaccións propias de cada materia ou área de coñecemento permite ao alumnado acceder a novas “experiencias de vida” que enriquecen a súa competencia comunicativa.

Para conseguir este proceso de dobre vía, o PLC pode recoller todo o concernente ao proceso de integración das linguas e contidos, tanto dentro da aula como fóra dela: os axustes que deba realizar o profesorado nas materias non-lingüísticas, o traballo que realicen as materias lingüísticas ao redor dos textos académicos, a necesaria formación permanente do profesorado para poder levar a cabo este proceso, os mecanismos de control e avaliación que se poñan en funcionamento, a presenza ou non de profesorado axudante ou auxiliares de conversa ou as actividades extraescolares e complementarias que se realicen no centro (intercambios e participación en proxectos Comenius, utilización do Portfolio Europeo das Linguas, e-Twinning, etc.). En definitiva, o PLC é a ferramenta que permite planificar, desenvolver, coordinar e avaliar a integración de linguas e contidos no currículo.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO E AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

O artigo 144 da Lei Orgánica de Educación, xunto cos artigos 21 e 29, establecen a obrigatoriedade de realizar por parte dos centros educativos unha avaliación xeral de diagnóstico ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria e o segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria. Nesta avaliación medirase o nivel de desenvolvemento das competencias básicas dos e das estudantes cunha intención orientadora e formativa. É dicir, trala avaliación de diagnóstico é necesario analizar os datos para regular a aprendizaxe, establecendo as medidas oportunas no caso de que sexa necesario resolver dificultades no proceso de crecemento das competencias básicas.

Esta decisión de realizar unha avaliación de diagnóstico responde a unha corrente internacional de mellora da calidade do sistema educativo. O modelo evidente desta avaliación de diagnóstico é o Programa Internacional para a Avaliación de Estudantes (PISA¹) da OCDE. Esta avaliación trianual de carácter mundial realízase aos estudantes de 15 anos e nas súas tres probas (2000, 2003 e 2006) centrouse na lectura, as matemáticas e as ciencias naturais; a partir de 2009 comeza un segundo ciclo de nove anos que permitirá observar se houbo cambios nas competencias avaliadas por PISA.

Con todo, PISA non é o único referente pois, ademais de PISA, existen outras tres importantes avaliacións internacionais, dúas delas centradas na competencia lingüística. PIRLS² (*Progress in International Reading Literacy Study*) é a avaliación internacional da lectura da mesma forma que TIMSS³ (*Trends in International Mathematics and Science Study*) avalía as matemáticas e as ciencias. Para rematar, a Comisión Europea⁴ promove a realización dunha avaliación da competencia comunicativa en linguas estranxeiras en Europa, denominada “Indicador Europeo de Competencia Lingüística”, que nunha primeira fase de avaliación centrase nas linguas con maior difusión no continente: inglés, francés, alemán, español e italiano.

A partir de todos os datos ofrecidos polas avaliacións autonómica, nacional e internacional, son os centros os que teñen realmente a última palabra para promover actuacións que incidan na competencia en comunicación lingüística do seu alumnado. A partir da consideración dos resultados e o estudo das variables contextuais (basicamente características do alumnado, das súas familias e do propio centro), débense deseñar as propostas de mellora oportunas en relación co desenvolvemento das competencias básicas avaliadas nas probas. Como afirma Neus Sanmartí (2007: 117),

En todos os casos, para que a avaliación realizada repercuta nun proceso de innovación e mellora do ensino é clave como se formula o proceso e a implicación do profesorado. Se o profesorado non a asume como un referente que pode serlle útil para revisar a súa práctica e só a percibe como algo imposto e sen interese, non poderá ser nunca un instrumento de renovación.

¹ Información dispoñible en:
http://www.pisa.oecd.org/document/25/0,3343,en_32252351_32235731_39733465_1_1_1_1,00.html

² Información dispoñible en:
<http://www.pirls.org/>

³ Información dispoñible en:
<http://www.timss.org/>

⁴ Información dispoñible en:
http://europa.eu/legislation_summaries/education_training_youth/lifelong_learning/c11083_en.htm

En relación coa competencia en comunicación lingüística, polo seu carácter transversal, funcional e social, o PLC pode ser o marco dentro do cal articular as propostas de mellora oportunas. Son moitas as propostas que xa están presentes na escola, aínda que poderíamos destacar algunhas pola súa efectividade contrastada:

- Compromiso de produción periódica de textos significativos nas distintas áreas de coñecemento e reflexión metalingüística nas áreas lingüísticas;
- Lectura dialogada (revisión do canon, clubs de lectura de pais e nais lectores, diarios de lectura...);
- Utilización intensiva das TIC con sentido creativo;
- Aprendizaxe cooperativa para a mellora das destrezas orais;
- Utilización do Portfolio Europeo das Linguas como mecanismo de auto-aprendizaxe;
- Potenciación da biblioteca, etc.

Para rematar, de igual modo que o Proxecto Educativo de Centro ordena a relación entre o centro e as familias, o Proxecto Lingüístico de Centro pode conter propostas de aprendizaxe de linguas en conexión coas familias: lectura en familia, participación de pais e nais na xestión da biblioteca, actividades complementarias e extraescolares que contribúan ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística organizadas por e para as familias, etc. En definitiva, o PLC permite pór ao servizo dos e das estudantes todos os recursos do centro para unha educación lingüística de calidade.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO E DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

O sistema educativo acolle hoxe a maior diversidade lingüística da súa historia. Entre outros factores, o crecemento da poboación de orixe estranxeira en España supuxo unha maior riqueza lingüística nas aulas de moitos centros en todas as etapas do sistema. Segundo o Ministerio de Educación (2008: 3) durante o curso 2008-2009 o alumnado de orixe estranxeira aumentou en 83.807 estudantes; o ano anterior o Ministerio de Educación (ibid.: 11) resumía os datos da seguinte forma:

O alumnado estranxeiro en ensinos non universitarios no curso 2007-08 é de 695.190 alumnos, cun aumento respecto ao curso anterior de 85.579 alumnos (+ 14,0%), representando no caso dos ensinos non universitarios de Réxime Xeral o 9,4% do seu alumnado.

Así pois, á pluralidade lingüística histórica do noso país engádese a diversidade lingüística das “novas migracións” (Turell 2001: 4) e esta nova realidade social e lingüística incide no mandato constitucional que o artigo 27 impón á escola: “Todos teñen o dereito á educación”.

Por iso, de igual forma que o Proxecto Educativo de Centro pode incorporar as actuacións para unha atención educativa de calidade ao alumnado de orixe estranxeira (plan de acollida e plan de atención ao alumnado de incorporación tardía, educación intercultural, formación do profesorado, etc.), o Proxecto Lingüístico de Centro pode ser o ámbito onde se contemplan as actuacións lingüísticas con

aquel alumnado de orixe estranxeira que fale linguas distintas á lingua vehicular. O dereito á educación en contextos multilingües pasa por unha adecuada educación lingüística que permita adquirir a lingua vehicular da escola (ou as linguas en contextos de educación bilingüe) desde posicións de respecto cara ás linguas maternas do alumnado e, desde principios dos anos 90, veñen realizándose múltiples experiencias de educación lingüística con alumnado de orixe estranxeira que nos permiten hoxe deseñar plans de traballo prolongados ao longo do tempo, axustados ás necesidades dos e das estudantes e as súas familias e dentro do marco da escola inclusiva.

A través do Proxecto Lingüístico de Centro débense articular os mecanismos para que os estudantes poidan adquirir un dominio operativo da lingua vehicular tanto para a comunicación interpersonal como para a comunicación académica (Cummins 1979; 1994). Para iso, unha estrutura cooperativa na aula, a utilización intensiva das TIC ou a participación en tarefas académicas que supoñan un reto cognitivo pero dentro de contextos que faciliten a comprensión son a mellor contribución que poden facer as distintas materias ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística de todo o alumnado, incluído o alumnado de orixe estranxeira.

Doutra banda, a escola ten o deber de atender as distintas capacidades do alumnado desde os principios de inclusividade e profesionalidade. Para iso, o PLC pode incluír propostas de avaliación das distintas capacidades do alumnado e en relación coas actuacións pertinentes para cada caso. Existen múltiples propostas para a avaliación e o traballo na aula con alumnado con distintas capacidades (entre outros, Cubillas Casas 2002: 181-200; Molina Moreno 2005). Un claro marco normativo que centre a educación lingüística do alumnado con distintas capacidades dentro da escola inclusiva, unha completa formación do profesorado —especialmente importante será revisar a formación inicial do profesorado neste sentido— así como unha cooperación decidida coas familias e a contorna dos centros serán tamén fundamentais para lograr cumprir co mandato constitucional dunha educación de calidade para todo o noso alumnado.

BIBLIOGRAFÍA

Consejería de Educación de la Junta de Andalucía. 2008. *Currículo integrado de las lenguas. Propuesta de Secuencias Didácticas*. Sevilla: Junta de Andalucía.

Cubillas Casas, E. "El lenguaje oral: alteraciones fonéticas y fonológicas" en F. Trujillo Sáez, A. González Vázquez, P. Cobo Martínez e E. Cubillas Casas. 2002. *Nociones de fonética y fonología para la práctica educativa*. Granada: Grupo Editorial Universitario.

Cummins, J. 1979. "Cognitive/academic language proficiency, linguistic interdependence, the optimum age question and some other matters". *Working Papers on Bilingualism*, 19, pp.121-129.

Cummins, J. 1994 "Knowledge, power and identity in teaching English as a second language", en F. Genesee (ed.). *Educating Second Language Children: The Whole Child, the Whole Curriculum, the Whole Community*. New York, Cambridge University Press.

García, I. e Torralba, M. D. 1996. "El projecte lingüístic a l'ensenyament obligatori", *Articles*, num. 8 .

Jorba, J., Gómez, I., Prat, A. 2000. *Hablar y escribir para aprender. Uso de la lengua en situación de enseñanza-aprendizaje desde las áreas curriculares*. Barcelona: Síntesis.

Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. 2008. *Datos y cifras: curso escolar 2008-2009*. Madrid: Secretaría General Técnica del MEPSyD.

Molina Moreno, M. 2005. *Necesidades educativas especiales y habilidades lingüísticas*. Granada: Grupo Editorial Universitario.

Ruiz Bikandi, 1997, "Decisiones necesarias para la elaboración del proyecto lingüístico de centro", *Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura*, n. 13, 9-24

Sanmartí, N. 2007. *Evaluar para aprender*. Barcelona: Graó.

Serra, J.M. e Vila, I. 2000. "Las segundas lenguas y la escuela", en U. Ruiz Bikandi, *Didáctica de la segunda lengua en educación infantil y primaria*. Madrid: Síntesis.

Turell, T. 2001. *Multilingualism in Spain*. Clevedon: Multilingual Matters.